



↑ O amor que permanece. Hlynur Pálmason. ESTREA 7 AGO

NUMAX PRESENTA:

103 | AGOSTO 2026



Librería


Xa están aquí!

Estamos sós na galaxia
ou acompañados? As dúbidas quedan
atrás. Xa están aquí! Na Terra, nos andeis,
nas pantallas, no imaxinado...
Libros para distraerse, inquietarse
ou saber máis dos visitantes
de extramundi.



Exhalación
Ted Chiang

SEXTO PISO
| 23.90€





Meteoros
Jean-Christophe
Deveney &
Tommy Redolfi


SALAMANDRA
GRAPHIC | 32.95€



**Picnic
extraterrestre**
Arkadii & Boris
Strugatskii
SEXTO PISO | 21,90€



Curiosidade
Estibaliz
Espinosa
AIRA EDITORIAL
| 16€



**Universos
ocultos: un
viaje a las
dimensiones
extras del cosmos**
Lisa Randall
ACANTILADO | 30€



**Guía visual
del cosmos**
Toshifumi
Futamase &
Toshihiro
Nakamaru
BLACKIE
BOOKS | 22€



**Historia
ilustrada de
los ovnis**
Adam Allsuch
Boardman
EL ZORRO
ROJO | 19,90€



**Fábulas del
desarrollo.
Franquismo y
capitalismo**
Ana Fernández-
Cebrián
AKAL | 22€




**Los creyentes.
Un ensayo
sobre ovnis...**
Diana Walsh
Pasulka
ERRATA NATURAE
| 23,50€




Los falsarios
Adolfo García Ortega
IMPEDIMENTA
| 20,95€



**El hombre
que cayó a
la Tierra**
Walter Tevis
ALFAGUARA
| 18,90€



**La guerra de
los mundos**
H. G. Wells
ALIANZA | 11,50€



Ovni 78
Wu Ming
ANAGRAMA
| 23,90€

Horario de verán na librería



Agosto
De luns a venres:
de 10:30 a 14:00 h
e de 17:00 a 20:30 h.

Do 10 ao 24 de agosto:
Librería pechada
polas tardes.



Lembra que podes facer
o teu pedido a través da
nosa páxina web e recoller
os libros en tenda.

Cinema NUMAX

Ao aire libre



**Proxeccións
gratuítas na rúa
Concepción
Arenal**



MARTES 25 DE AGOSTO | 21:45H

A INVASIÓN DOS LADRONS DE CORPOS

(Don Siegel, 1956, 80', VOSE)

MÉRCORES 26 DE AGOSTO | 21:45H

CARO DIARIO

(Nanni Moretti, 1993, 96')

NUMAX

www.numax.org

FESTIVAL **C**



Compostela
Cultura



CONCELLO DE
SANTIAGO



Deputación
DA CORUÑA

Filme do mes:



EL SER QUERIDO ESTREA 26 AGO

Rodrigo Sorogoyen, 135', ESP, VO, +12

Con Javier Bardem, Victoria Luengo, Raúl Arévalo

O aclamado director de cinema Esteban Martínez é unha lenda tanto polos seus filmes como por un pasado marcado pola violencia e os excesos. No seu novo proxecto, ofrécelle un papel á súa filla Emilia co pretexto de axudala a relanzar a súa estancada carreira como actriz.

Convivir no *set* fomentará unha proximidade que non compartiran en anos, pero tamén reabrirá vellas feridas que nunca cicatrizaron.

O director d'*As bestas* adéntrase no territorio do drama familiar, con profundas e matizadas interpretacións de Bardem e Luengo.

 **Sección Oficial — Cannes 2026**

 **26 AGO** | Coloquio en liña
con Rodrigo Sorogoyen,
Javier Bardem e Victoria Luengo



MOTHER MARY ESTREA 31 XUL

David Lowery, 112', ING, VOSE, +16

Con Anne Hathaway, Michaela Coel

Feridas sepultadas hai moito volven abrirse cando a icónica estrela do pop Mother Mary, a piques de regresar aos escenarios, se reúne con Sam Anselm, a súa mellor amiga e deseñadora de vestiario da que se tiña distanciado.



O AMOR QUE PERMANECE ESTREA 7 AGO

Hlynur Pálmason, 109', ISL, VOSE, +12

Con Sverrir Gudnason, Ingvar Eggert Sigurdsson

Anna e Magnus, recién separados, reúnen cos seus tres fillos na aldea onde viven coa nai. Asistimos ao paso das estacións nesa relación que se desintegra, escenas dun (ex)matrimonio que se afana en capturar momentos cotiás.

🏆 **Cannes Première 2025**



VIVIR A TERRA ESTREA 14 AGO

Huo Meng, 132', ZH, VOSE, +12

Con Wang Shang, Zhang Chuwen

China, 1991. A transformación socioeconómica modifica radicalmente o modo de vida rural. Os pais do pequeno Chuang deciden marchar a buscar traballo á cidade deixando que o rapaz, de 10 anos, sexa criado polo resto da familia e a súa comunidade local.

🏆 **Mellor Dirección — Berlinale 2025**



PROMETIDO O CEO ESTREA 21 AGO

Erige Sehiri, 92', ÁR-FR, VOSE

Con Aïssa Maïga, Laetitia Ky

Marie, pastora costamarfileña e antiga xornalista, vive en Tunisia desde hai dez anos. A súa casa convértese en refuxio para Nane, unha nai nova que busca un futuro mellor, e Jolie, unha estudante de gran carácter que carga coas esperanzas da súa familia.

🏆 **Unha Certa Mirada — Cannes 2025**



ERUPCJA ESTREA 28 AGO

Pete Ohs, 71', PL-ING, VOSE

Con Charli XCX, Lena Gora

Unhas vacacións románticas vense interrompidas cando unha erupción volcánica deixa a Bethany e o seu prometido, Rob, en Varsovia. Bethany interpreta o explosivo acontecemento natural como un sinal, desfai a equipaxe e vai ao encontro da súa amiga da infancia Nel.

🏆 **Sección Oficial — Toronto 2025**

Xa están aquí! Fotogramas extraterrestres



ENCUNTROS NA TERCEIRA FASE PASES 3 E 31 AGO

Steven Spielberg, 132', ING, VOSE, 1977

Con Richard Dreyfuss, Teri Garr

Unha noite, Roy Neary observa no ceo uns misteriosos obxectos voadores. Desde entón vive tan obsesionado por comprender o que viu que se distancia da súa dona. Xunto cunha muller que tamén foi testemuña dos feitos tentan encontrar unha resposta ao misterio que alterou as súas vidas.

🏆 **Mellor Fotografía e Son — Óscar 1977**



O PLANETA SALVAXE PASES 4 E 17 AGO

René Laloux, 73', FR, VOSE, 1973

No afastado planeta Ygam viven unhas criaturas gigantescas chamadas Draags que domesticaron os pequenos Oms, seres humanos que están a ser exterminados. Pero un Om consegue fuxir....

🏆 **Premio Especial do Xurado — Cannes 1973**



ESTÁN VIVOS PASES 5 E 20 AGO

John Carpenter, 95', ING, VOSE, 1988

Con Roddy Piper, Keith David

Un traballador encontra casualmente unhas gafas que lle permiten ver as persoas tal e como son. Grazas a elas descubrirá que importantes personaxes da vida política e social son en realidade extraterrestres.



KIN-DAZ-DAZ! PASES 6 E 18 AGO

Georgi Daneliya, 135', RUS, VOSE, 1986

Con Stanislav Lyubshin, Evgeni Leonov

Dous humanos son teletransportados por accidente, ao premer o botón que non debían, a un planeta chamado Plyuk na galaxia de Kin Dza Dza. Os estraños habitantes deste remoto lugar son de aparencia humana.



WITHOUT WARNING

PASES 10 E 19 AGO

Robert Iscove, 100', ING, VOSE, 1994

Con Sander Vanocur, Jane Kaczmarek

Os programas de televisión de todo o mundo son interrompidos para avisar dunha demoledora nova: tres meteoritos veñen directos cara á Terra. As autoridades cren que se achegan por causas naturais e póñense en marcha para destruílos antes de que sexa tarde de máis.




AELITA PASES 11 E 24 AGO

Yakov Protazanov, 120', RUS, VOSE, 1924

Con Yuliya Solntseva, Igor Ilynski

Aelita, a raíña de Marte, farta de vivir sometida ao seu despótico pai, lanza unha chamada de socorro á Terra. Tras descifrar a mensaxe, un enxeñeiro ruso, ao que se une o revolucionario Gusev, emprende unha viaxe a Marte na nave que construíu.



ULTIMATO À TERRA

PASES 13 E 27 AGO

Robert Wise, 89, ING, VOSE, 1951

Con Michael Rennie, Patricia Neal

Unha nave extraterrestre chega á terra coa misión de entregar ao ser humano unha importante mensaxe. O mundo enteiro fica conmocionado o día en que, sen previo aviso, un platillo aterra en Washington e del sae Klaatu, un alieníxena de aspecto humano, acompañado de Gort, un ameazante robot.

🏆 **Mellor filme para promover o entendemento internacional** – Globos de Ouro 1951



E.T. O EXTRATERRESTRE


PASES 7-8-9 AGO

Steven Spielberg, 115', VE/VOSE, 1982

Con Henry Thomas, Drew Barrymore

Un pequeno ser doutro planeta fica abandonado na Terra cando a súa nave se esquece del. Está completamente só e con medo pero trabará amizade cun neno que o agocha na súa casa.

🏆 4 Óscar da Academia 1982



SILLY SYMPHONIES

PASES 21-22-23 AGO

VV.AA., VE, 1929-1939

Selección da mítica serie “Silly Symphony”, auténtico laboratorio de experimentación da Disney que inclúe, entre outras, as pezas *O baile dos esqueletos*, *Os tres porquiño*, *Flores e árbores* e *O pato Donald*.

Cinema ao aire libre. Festival C

A INVASIÓN DOS LADRONS DE CORPOS

PASE 25 AGO

Don Siegel, 80', ING, VOSE, 1956

Con Kevin McCarthy, Dana Wynter

Nunha vila de California empezan a suceder cousas moi estrañas, o comportamento dalgunhas persoas muda de tal maneira que causa o estupor e mesmo o medo entre os seus parentes e amigos.

CARO DIARIO

PASE 26 AGO

Nanni Moretti, 96', ITA, VOSE, 1993

Con Nanni Moretti, Renato Carpentieri

Mentres percorre Roma en vespa, visita illas italianas e afronta problemas de saúde, un director de cinema reflexiona con humor e ironía sobre a vida cotiá, o cinema, a política e as relacións humanas.

🏆 Mellor Dirección — Cannes 1994

Pases especiais



O ECLIPSE

PASE ÚNICO 12 AGO

Michelangelo Antonioni, 126', ITA, VOSE, 1962

Obra que pecha a súa célebre «triloxía da incomunicación» coa *L'avventura* e *La notte*.

🏆 Cannes 1962 — Premio Especial do Xurado

NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela

www.numax.org

  @numaxcoop


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAAA **Agencia**
GGGGGG **Gráfica**